

Venres, 29 de xullo de 2022

Núm. 144

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA
TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES MUNICIPAIS
DO CONCELLO*

ANUNCIO

Rematado o período de exposición ao público sen formularse ningunha reclamación á modificación da Ordenanza reguladora da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais do Concello, aprobada polo Pleno do Concello de Tui en sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio de 2022 (publicado no BOPPO núm. 108, do día 7 de xuño de 2022), cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da ordenanza citada, incluíndo a modificación definitivamente aprobada:

“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS MUSICAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de ensinanzas especiais nos establecementos docentes municipais.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: N5C3ZHTZAV9F9UF



Venres, 29 de xullo de 2022

Núm. 144

Artigo 4º. Responsables

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades que se recollen no artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

1. A exención ou bonificación da taxa, para suxeitos pertencentes a familia numerosa, nas porcentaxes establecidas no anexo, que deberán solicitarse expresamente ao Concello durante o periodo de inscrición da matrícula.

2. Outros beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixir o depósito previo.

Artigo 8º. Liquidación

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación para o primeiro período de liquidación, nos sucesivos liquidarase ao inicio de cada periodo de liquidación, en calidade de depósito previo (os periodos de liquidación veñen establecidos nas tarifas desta taxa: día, meses, curso académico, etc.)

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade en cada un dos periodos de liquidación (días, meses, curso, etc., consonte ao disposto na tarifa da taxa).

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.



Venres, 29 de xullo de 2022

Núm. 144

Artigo 9º. Ingreso e devolución de taxas

1. O pagamento desta Taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestalo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou da realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou da realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

2. Nos supostos de baixa dun alumno, procederá a devolución das taxas que teña aboado cando con posterioridade á presentación da solicitude e antes do comezo oficial das clases o interesado presentase formalmente desistencia do servizo solicitado. Se a presentación da solicitude de baixa se produce unha vez comezado o curso escolar, o alumnado non terá dereito a ningunha devolución, e deberá aboar as cotas pendentes.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración aos que fai referencia o artigo 27.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta Ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: N5C3ZHTZAV9F9UF



Venres, 29 de xullo de 2022

Núm. 144

ANEXO**TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO**

1. A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1. NO CONSERVATORIO DE GRAO PROFESIONAL:

CONTÍA:

- a) A matrícula para o curso, establécese na contía de 769,00 € / alumno.
- b) A matrícula por materias soltas correspondentes ó 6º curso, establécese na contía de 150,00 € / materia.

1.2. NO CONSERVATORIO DE GRAO ELEMENTAL:

A matrícula para o curso, establécese na contía de 436,70 € / alumno.

1.3. A matrícula para dobre matriculación no CONSERVATORIO, establécese nas seguintes contías:

CURSO	IMPORTE DOBRE MATRICULA
Grao Profesional.....	192,25 €
Grao Elemental.....	109,18 €

No suposto de dobre matriculación efectuarase o cobro total pola matrícula de maior nivel académico.

1.4. NA ESCOLA DE MÚSICA:

CONTÍA:

- a) A matrícula por cursos, establécese nas seguintes contías:

CURSO	IMPORTE ALUMNO/CURSO
Música Movemento (5 e 6 anos).....	244,20 €
Iniciación ao Grao Elemental (7 anos).....	411,40 €
Intermedio para acceso a cursos intermedios de Grao Elemental (de 8 a 11 anos).....	436,70 €
Especialidade instrumental (a partir de 12 anos):	
-30 minutos de clase instrumental/semana.....	411,40 €
-60 minutos de clase instrumental/semana.....	680,00 €

- b) A matrícula por materia optativa, establécese na contía de 135,00 € / materia.

- c) A matrícula para a dobre matriculación na ESCOLA, establécese nas seguintes contías:

CURSO	IMPORTE ALUMNO/CURSO
Iniciación ao Grao Elemental (7 anos).....	82,28 €
Intermedio para acceso a cursos intermedios de Grao Elemental (de 8 a 11 anos).....	109,18 €
Especialidade instrumental (a partir de 12 anos):	
-30 minutos de clase instrumental/semana.....	109,18 €
-60 minutos de clase instrumental/semana.....	170,00 €



Venres, 29 de xullo de 2022

Núm. 144

- d) A matrícula para a dobre matriculación ESCOLA/CONSERVATORIO, establécese nas seguintes contías:

CURSO	IMPORTE ALUMNO/CURSO
Iniciación ao Grao Elemental (7 anos).....	82,28 €
Intermedio para acceso a cursos intermedios de Grao Elemental (de 8 a 11 anos).....	109,18 €
Especialidade instrumental (a partir de 12 anos):	
-30 minutos de clase instrumental/semana.....	109,18 €
-60 minutos de clase instrumental/semana.....	170,00 €

- e) No suposto de dobre matriculación efectuarase o cobro total pola matrícula de maior nivel académico.

1.5. Exencións e Bonificacións:

- Exención do 100% da taxa ós membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial, segundo o art. 4.1.a) da Lei 40/2003, de 18 de novembro.
- Bonificación do 50% da taxa ós membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral, segundo o art. 4.1.b) da Lei 40/2003, de 18 de novembro.

1.6. O pagamento poderase fraccionar en tres veces:

- O primeiro pago, dunha terceira parte do custo total, na data de inscrición da matrícula.
- O segundo pago, dunha terceira parte do custo total, antes do día 15 do mes de outubro do ano do comezo do curso; e un terceiro pago, polo resto, antes do día 15 do mes de decembro do ano do comezo do curso.
- Para poder efectuar o pago en tres prazos é necesario non ter débedas relativas a Conservatorio e Escola, e que os pagos do segundo e do terceiro prazo se efectúen a través de domiciliación bancaria.

2. As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.”

Contra o citado acordo, que é definitivo na vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estimen pertinente.

En Tui, o Alcalde, Enrique Cabaleiro González
Documento asinado dixitalmente á marxe

